

# Pensar porque toca

Ensaio e efeméride son moitas veces indisociábeis. A coartada da celebración provoca novas achegas sobre vellos tópicos. O día sinalado é decote o día da reflexión crítica. O aniversario de Rosalía, a homenaxe de Ferrín ou o Día das Letras Galegas, caso paradigmático, xeran coñecemento. UN ARTIGO DE IAGO MARTÍNEZ



Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e Isaac Díaz Pardo no Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside en 1972

A TENTACIÓN da efeméride está aí. O calendario da autocelebración nacional, nuns casos, e os movementos sísmicos que provoca cada data sinalada nos baixos da institución cultural, adoitan verse reflectidos na produción bibliográfica. Non só na investigación académica, onde os volumes de homenaxe e as actas dos congresos honoríficos acaban por constituír unha fonte valiosísima de coñecemento, senón tamén na edición civil. A carón de esforzos individuais e travesías no deserto como a de Teresa Moure co inusual exercicio



**O NATURAL É POLÍTICO**  
AUTOR: TERESA MOURE  
EDITA: XERAIS, 2009

ensaístico d'*O natural é político* (Xerais, 2009), ou a máis recente de Goretti Sanmartín Rei en *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Xerais, 2009), entre outros ensaios propiamente ditos esporexidos por diferentes editoras, aparecen nas librarías textos indisociábeis do calendario. Se non se celebra cada aniversario de Rosalía de Castro, de cuxo nacemento se cumpriron o pasado 26 de febreiro 172 anos, talvez hoxe non existise *Rosalía 21* (Xerais/Consellería de Cultura, 2009)

un libro coordinado por Anxo

Angueira no que varios autores furan en lecturas inéditas ou pouco transitadas na obra do poeta nacional. Se cadra, sen a homenaxe que amigos e intérpretes dedicaron a Xosé Luís Méndez Ferrín a comezos do pasado mes de febreiro en Vigo, tampouco Sotelo Blanco e Xerais terían dado ao prelo *A semente da nación soñada*, unha colección de ensaios, tributos literarios e achegas biobibliográficas ao autor d'*O crepúsculo e as formigas*. Xa ora, aínda que a Real Academia Galega non decidise dedicarlle o Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, a figura do galeguista seguiría a ser obxecto de polémicas e sustento de todas as responsabilidades imaxinábeis na deriva contemporánea do nacionalismo. Porén, talvez

non se publicarían os estudos críticos que están a piques de aparecer en varios selos. A oportunidade do almanaque trae da man, a miúdo, curiosas ironías. Á luz do acontecido en Galicia dende as eleccións, e á vista do que pode estar a piques de acontecer coa lingua galega, acontecementos como a reedición facsímile en Alvarellos da *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* de Xesús Alonso Montero no 25 aniversario da súa publicación, cobran unha nova dimensión. E o mesmo, pero en signo

contrario, acontece coa historia do nacionalismo galego contemporáneo. Por que, no prazo dun ano, esta cuestión protagonizou un Premio Nacional de Ensaio, o da monumental *De provincia a nación* de Justo Beramendi, e un Ramón Piñeiro de Ensaio, o de Quintana Garrido con *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego?* O 17 de maio, un acto de resistencia convertido en acto de celebración, non significa hoxe o mesmo que en 1972, cando se lle dedicou a Valentín Lamas Carbajal. Naquela



**ROSALÍA 21**  
AUTOR: ANXO ANGUEIRA (COORD)  
EDITA: XERAIS/CONSELLERÍA DE CULTURA, 2008


altura, Xesús Alonso Montero escribía na revista Triunfo que o Día das Letras Galegas era “un intento modesto, sen dúbida, de saír do guetto”, ao seu xuízo, “a preocupación vertebral da militancia cultural galega”. Tratábase, para o catedrático de Literatura da Universidade de Santiago, de “buscar lectores, de atraelos, de facerlles ver que existe unha literatura en lingua galega, conciencia que non sempre esperta o libro pacientemente pousado nos andeis das librarías de lucro”. Algo do que Alonso Montero argumentaba hai 27 anos segue a formar parte da celebración oficial da cultura galega. A coartada do 17 de maio leva aos autores ás escolas e provoca un rebulir arredor da data, a xeración ou o período histórico ao que se lle rende homenaxe. Porén, cando menos até o

XERAIS PREPARA  
NOVAS TRADUCIÓNS  
DE WITTGENSTEIN,  
FREUD E SARTRE  
NA SÚA COLECCIÓN  
DE ENSAIO

pasado 1 de marzo, o estatuto da literatura na lingua propia é outro moi diferente agora. Non necesariamente, pero é posíbel –e sería saudábel– que os títulos que se publiquen nas vindeiras semanas, entre eles un do propio Alonso Montero, talvez un dos máis esperados xunto coa tese de doutoramento de Miguel Barros, provoquen un debate sobre a historia recente do país. Se a celebración non é quen de interpelar a aqueles para os que celebra, algo non funciona. Con todo, a non ficción non só vive da efemérides. Malia a non constituír o groso da súa produción, cousa que si acontece por exemplo co meritorio labor de Laivento, as dúas principais editoras en lingua galega preparan novos títulos para as vindeiras datas. Uns, propiamente ensaísticos, e outros adscritos aos múltiples xéneros que poden convivir no interior dese gran contedor que é a non ficción. Na súa colección Ensaio, Galaxia publicará



Coa vía aberta por Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, María López Sández, Iria Sobrino, Nancy Pérez Rey, Xabier Cordal, Daniel Salgado, María do Cebreiro, Iago Castro, María Reimóndez e Anxo Angueira, os responsábeis de *Rosalía 21*, péchase dalgunha maneira un ciclo e faise xustiza coa figura de Rosalía de Castro. Á poeta nacional débeselle a celebración do Día das Letras Galegas, pois foi un 17 de maio, pero de 1863, cando asinou a dedicatoria –a Fernán Caballero– dos seus *Cantares Gallegos*, fito fundacional do Rexurdimento e do canon da literatura galega. Porén, ou talvez precisamente por esa centralidade da súa figura, a obra de Rosalía ficou abouxada por un tópico que non lle acae. Como trataba de demostrar nestas mesmas páxinas Francisco Rodríguez, entre outros, alenta na autora de *Follas Novas* unha poeta social cun discurso político, o dela si, á altura do seu tempo. ■



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, o catedrático de Literatura da USC Xesús Alonso Montero, a escritora e profesora Teresa Moure, o historiador Justo Beramendi, o ex dirixente socialista Miguel Barros e a profesora Gorette Sanmartín Rei

proximamente *A mecánica da maxia*, do escritor e profesor Manuel Forcadela; *Galicia*, unha economía europea, un volume colectivo coordinado polos profesores Albino Prada e Santiago Lago, da Universidade de Vigo; *O segredo do humor* e *Ensaio a proba do tempo*, de Celestino Fernández de la Vega; e *Historia cultural do viño*, de Xavier Castro, un dos escasos historiadores da vida cotiá dos galegos que porfían nas súas investigacións. No caso de Xerais, espérase para as vindeiras semanas a saída, na colección Crónica, de *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás, e *Galicia solidaria*, coeditado co Instituto Galego de Análise e

Documentación Internacional. A colección Universitaria é a que vén máis cargada de novidades. Á parte de *Do orixinal ao libro. Manual de edición técnica*, de Juan Blanco Valdés, e *O po dos días*, de Luciano Rodríguez, estes si de inminente saída ao mercado, a editorial viguesa prepara o segundo tomo d’*O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir; unha nova entrega da tetraloxía de Xavier Seoane; e o *Tractatus Logico-Philosophicus* do filósofo Ludwig Josef Johann Wittgenstein, nunha serie coordinada polo profesor Arturo Leyte na que tamén aparecerán traducións de Freud e Sartre, entre outros. ■